

# Contaarte

## Paxariños de la e follas secas OBRADOIRO DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Para 1º, 2º e 3º de Primaria

Dotar cada obxecto da caixa de atributos e historias para que adquiran carga afectiva, situarnos no imaxinario do protagonista e crear mundos a partir do que nos suxira cada elemento, abondará para descubrir o universo de afectos que enchen *A caixa dos recordos*.

Participantes por actividade: **25 (1 aula)** Duración: **1 hora**

Espazo: **Aula con posibilidade de colocar mesas e cadeiras.**

## Historias de cartón OBRADOIRO DE PLÁSTICA CREATIVA

Para 4º, 5º e 6º de Primaria

Miseria, pobreza, inxustiza, marxinação... son as condicións de vida ás que se enfrontan diariamente moitos nenos e nenas en todo o mundo.

A través da arte podemos contribuír á educación en valores, axudar a comprender a realidade e construír 'visións' e 'versións'.

Tomando como referencia a proposta literaria e plástica do álbum *Caixa de cartón*, achegámonos a unha das realidades máis duras da sociedade actual: a inmigración.

Participantes por actividade: **25 (1 aula)** Duración: **1 hora**

Espazo: **Aula con posibilidade de proxectar**

24 marzo - 29 abril 2011 Instituto Municipal de Educación (IME)

*Camiño do Chouzo, 2*

## Qontextos: a creatividade infantil e o conflito bélico EXPOSICIÓN

Mostra de fotografías e de obras orixinais de nenos e nenas realizadas nos talleres que a asociación Creart promove nos Territorios Ocupados Palestinos.

Os pequenos e pequenas son un dos colectivos máis afectados polos conflitos. Esta exposición reivindica os seus dereitos e incide no uso da arte e o fomento da creatividade como xeito de educar por e para a paz.



Ilustración: Hassan Amekan

23 de marzo 2011 Instituto Municipal de Educación (IME)

*Camiño do Chouzo, 2*

## Qontextos: a realidade no álbum ilustrado CONFERENCIA

Da man do ilustrador Chené Gómez, director da ONGD Creart e de Eva Mejuto, de OQO editora, descubriremos a importancia dos contos como instrumentos para o coñecemento do mundo que nos rodea.

Asemade, presentarásenos a arte como unha valiosa ferramenta para educar na paz e para a transformación dos conflitos.